

**INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

ASUNTO: Corrección de erros na lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 (3ª Fase)

ANTECEDENTES

I.- Por resolución da concellería-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 1 de agosto de 2023, incluída no expediente 41019/220, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 (3ª Fase).

II.- Detectouse de oficio a omisión dunha aspirante ás prazas de Axudante de oficios (quenda libre), que presentara correctamente a súa instancia no período habilitado para o efecto. Logo de comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos para o acceso á dita praza, recollidos nas bases cuarta das xerais (BOPPO núm. 128 de data 7 de xullo de 2020) e específicas (BOPPO núm. 180 de data 20 de setembro de 2022) da convocatoria, procede a súa admisión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- Competencia:

De conformidade co recollido no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local; vistas as Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 e vistas resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, así como a habilitación á concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 08/06/2023, elévase á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a seguintes

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“**Primeiro.-** Incluir á aspirante que se refire a continuación como admitida no proceso selectivo para cubrir as prazas de Axudante de oficios (quenda libre) ofertadas na 3ª fase da OEP 2017-18-19:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/09/2023 10:54	Páxina 1 de 2
41019-220	CSV: AHAF3F-A841A3-2HA94H-B2AFQD-HR6QYH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

AXUDANTE DE OFICIOS (quenda libre)

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIONS
QUINTEIRO DOMINGUEZ	M. T.	***7592**	ADMITIDA/O

mantendo vixente o resto da resolución, de conformidade co previsto no artigo 109.2 da LPACAP.

Segundo.- Notificar a presente resolución á persoa interesada e aos membros do órgano de selección afectado, e proceder á publicación no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e na web municipal (www.vigo.org).

Terceiro.- Informar de que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo de 1 MES, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, nos supostos, termos e condicións previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, no prazo de 2 MESES; ambos os dous prazos, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución."

BDP/bc

Vigo, na data da sinatura electrónica

A técnica de Administración Xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

Conforme:

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

Conforme:

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-. María Olga Alonso Suárez

DECRETO:

Logo de examinar a precedente proposta, RESOLVO de conformidade con ela.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe:

A secretaria de Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/09/2023 10:54	Páxina 2 de 2
41019-220	CSV: AHAF3F-A841A3-2HA94H-B2AFQD-HR6QYH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		